



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES A CACHADA

Avda. Municipalidade de Avellaneda, s/n
15930 BOIRO - A CORUÑA
881 86 67 17 · 881 86 67 18
ies.acachada@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesacachada>

Aprobáronse en CCP do **22 de maio de 2018** uns criterios, en caso de haber máis candidato/as que matrículas, para a distinción de Matrícula de Honra (a cantidade máxima **era** o 25% do alumnado matriculado):--> lexislación vixente:

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. DOGA 13 xuño 2023.

Artigo 31. Matrícula de honra

1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao **5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.--> curso 23-24: 89-> 4.45→ 4 alumn@s.**

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente **acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.**

3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.

RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24. DOGA 19 xuño 2023.

Artigo 13. Matrícula de honra

Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrencia entre todo o alumnado, **as cualificacións obtidas na avaliación final das ensinanzas de relixión e na materia Proxecto Competencial non computarán** no cálculo da media para os efectos da mención de matrícula de honra.

Criterios a aplicar para o desempate:

- 1º.- Considerar solamente as notas medias máis altas de 4ESO.
- 2º.- Considerar as notas máis altas de 3ESO.
- 3º.- Considerar as notas medias máis altas nas materias comúns de 4ºESO.
- 4º.- Valorar a participación activa do/a alumno/a en proxectos do centro. Así coma toda a súa formación complementaria que recibira fóra do centro. Valoración obxectiva que se realizará polo profesorado coordinador de cada proxecto, baixo a supervisión de Xefatura de Estudos.
- 5º.- Realizar un sorteo público, no que estará presente a Xefatura de Estudos, o/as titore/as do alumnado implicado e a Dirección. Tamén poderá asistir o alumnado implicado.

